			▪ VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.1 Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
▪ a	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. ▪ VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. ▪ B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	de educación viaria.	
			▪ VSCB3.7.2 Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	▪ CSC ▪ CCL
			▪ VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CD

3. Temporalización

Durante a primeira semana de clase realizaremos as avaliacións iniciais de acordo a como se detalla no punto 9 desta programación.

Área de Lingua Castelá e Literatura

1º Trimestre

- Unidade 1. Lectura 1.
 - O abecedario e o dicionario.
 - A Letra, a sílaba e a palabra.
 - O punto e a maiúscula.
 - Lengua oral e lingua escrita.
 - Os primeiros textos.
- Unidade 2. Lectura 2.
 - Palabras sinónimas.
 - A oración.
 - Los signos de interrogación y exclamación.
 - As anécdotas e os chistes.
 - Las partes de un relato.
- Unidade 3. Lectura 3.
 - Palabras antónimas.
 - Clases de oracións.
 - As sílabas tónicas e as sílabas átonas. Palabras agudas, graves e esdrúxulas. O guión.
 - A descrición de obxectos, lugares, persoas, animais...
 - As personaxes dos relatos.
- Unidade 4. Lectura 4.
 - Campo semántico.
 - O suxeito e o predicado.
 - A coma. O **m** antes de **b** e de **p**.
 - As instrucións.
 - A fábula.

2º Trimestre

- Unidade 5. Lectura 5.
 - Palabras compostas.
 - O nome e as súas clases.
 - A **c** e a **q**. A **c** e a **z**.
 - A exposición.
 - Contos tradicionais.
- Unidade 6. Lectura 6.
 - Nomes de parellas.

- O xénero e o número.
- Palabras rematadas en –d e -z.
- Dramatizar un texto.
- O teatro.
- Unidade 7. Lectura 7.
 - Palabras derivada. Sufijos.
 - O adxectivo.
 - Palabras con **ll** e con **y**.
 - A lingua literaria.
 - Poemas, versos e poemas.
- Unidade 8. Lectura 8.
 - Palabras derivadas. Prefixos.
 - O pronome.
 - Palabras con R. Os dous puntos.
 - A linguaxe verbal e non verbal.
 - Textos para xogar.

3º Trimestre

- Unidade 9. Lectura 9.
 - Onomatopeas, frases feitas e refráns.
 - Os determinantes.
 - O **g** e a **j**.
 - O diálogo.
 - O cómic.
- Unidade 10. Lectura 10.
 - Os diminutivos e os aumentativos.
 - Os determinantes II.
 - Palabras con **bl** e **br**. Palabras con **h**.
 - Os medios de comunicación. O debate.
 - As lendas.
- Unidade 11. Lectura 11.
 - Palabras polisémicas.
 - O verbo.
 - Verbos rematados en **-bir**. Verbos con **h**: hacer, haber, hablar.
 - A publicidade.
 - Os mitos.
- Unidade 12. Lectura 12.
 - Familia de palabras.
 - Os tempos verbais.
 - Verbos rematados en –ger, -gir, -aba, -abas...
 - Os textos cotidianos.
 - O diario.

Todo o ano

Velocidade e comprensión lectora.
 Vocabulario.
 Expresión oral e escrita.
 Caligrafía e ortografía.
 Orde e limpeza.

Área de Lingua Galega

1º Trimestre

- Unidade 1. Lectura 1.
 - O abecedario.
 - A lingua galega.
 - O punto e a maiúscula.
 - Presentarse.
 - A carta.
- Unidade 2. Lectura 2.
 - As palabras sinónimas.
 - As letras, as palabras e as oracións.
 - A coma, os dous puntos e os puntos suspensivos.
 - Sucesos.
 - O conto.
- Unidade 3. Lectura 3.
 - As palabras antónimas.
 - As sílabas.
 - As palabras con **c** e con **q**. O signo de interrogación.
 - Os gustos.
 - A receita.
- Unidade 4. Lectura 4.
 - As palabras polisémicas.
 - O nome.
 - Uso de Z e C.
 - Expresar a opinión.
 - A noticia.

2º Trimestre

- Unidade 5. Lectura 5.
 - Os prefixos e os sufixos.
 - O adxectivo.
 - As palabras con **mp** e **mb**.
 - Describir persoas.
 - Describir espazos.

- Unidade 6. Lectura 6.
 - Palabras compostas.
 - O xénero e o número.
 - Palabras con **r** e **rr**.
 - Falar en público.
 - A poesía.
- Unidade 7. Lectura 7.
 - As onomatopeas.
 - O artigo. As contraccións.
 - As palabras con **h**.
 - Os disparates.
 - O cómic.
- Unidade 8. Lectura 8.
 - Os aumentativos e os diminutivos.
 - Os demostrativos e os posesivos.
 - Palabras con **g**.
 - O teatro.
 - O texto teatral.

3º Trimestre

- Unidade 9. Lectura 9.
 - Os conectores.
 - Os pronomes persoais.
 - Palabras co **x**.
 - As cancións.
 - O resumo.
- Unidade 10. Lectura 10.
 - Familia de palabras.
 - Os numerais.
 - Palabras con **b**.
 - As vaiedades da lingua.
 - O anuncio.
- Unidade 11. Lectura 11.
 - Os campos semánticos.
 - Os verbos.
 - Palabras con **v**.
 - Dar argumentos.
 - Os recursos literarios.
- Unidade 12. Lectura 12.
 - Frases feitas.
 - O tempo verbal.
 - Os verbos acabados en -aba.
 - Trabalinguas.

- As normas.

Todo o ano

Velocidade e comprensión lectora.

Vocabulario.

Expresión oral e escrita.

Caligrafía e ortografía.

Orde e limpeza.

Área de Matemáticas

1º Trimestre

- Unidade 1. Números de tres e de catro cifras.
 - Números de tres cifras.
 - Números de catro cifras.
 - Números ordinais.
- Unidade 2. Números de cinco cifras.
 - Aproximacións.
 - Números romanos.
- Unidade 3. Suma.
 - Suma de dous números.
 - Suma de tres números.
 - Estimación de sumas.
 - Sumas coa calculadora.
 - Tratamento da información. Coordenadas de casillas.
- Unidade 4. Resta.
 - Restas levando.
 - Estimación de restas.
 - Restas coa calculadora.
- Unidade 5. Multiplicación.
 - Táboas de multiplicar.
 - Multiplicacións sen levar.
 - Multiplicacións levando

2º Trimestre

- Unidade 6. Práctica da multiplicación.
 - Multiplicacións por varias cifras.
 - Potencias: cadrados e cubos
 - Estimación de produtos.
- Unidade 7. División.
 - Repartos e división.
 - Cálculo de divisións.
 - Proba da división.

- Metade, terzo e cuarto.
- Unidade 8. Práctica da división.
 - Divisións con divisor dunha cifra.
 - Divisións con cero no cociente.
 - Tratamento da información: gráficos de barras de dúas características.
- Unidade 9. Fraccións e decimais.
 - Fraccións.
 - Comparación de fraccións.
 - Unidades decimais.
 - Números decimais.
- Unidade 10. Operacións con decimais.
 - Comparación de decimais.
 - Suma e resta de decimais.
 - Multiplicación de natural por decimal.
 - Multiplicación de decimais.

3º Trimestre

- Unidade 11. Lonxitude.
 - O metro, o decímetro e o centímetro.
 - O milímetro.
 - O decámetro, o hectómetro e o kilómetro.
- Unidade 12. Capacidade e masa.
 - O litro, o decilitro e o centilitro.
 - O decalitra, o hectolitro e o kilolitro
 - O gramo, o decigramo e o centigramo.
 - O decagramo, o hectogramo e o kilogramo.
- Unidade 13. Tempo.
 - O reloxo de agullas.
 - O reloxo dixital.
 - Hora, minuto e segundo.
 - Tratamento da información: gráficos lineais.
- Unidade 14. Rectas e ángulos.
 - Segmento. Tipos de rectas.
 - Ángulos.
 - Medida de ángulos.
 - Ángulos consecutivos e adxacentes.
- Unidade 15. Figuras planas.
 - Polígonos: elementos e clasificación.
 - Clasificación de triángulos segundo os seus lados.
 - Circunferencia e círculo.

Todo o ano

- Cálculo mental.
- Resolución de problemas.

Área de Valores Sociais e Cívicos

1º Trimestre

- Unidade 1. Autoconcepto e autoestima.
 - O meu aspecto físico.
 - As miñas calidades.
- Unidade 2. Autoconciencia emocional.
 - Emocións.
 - Sentimentos.
- Unidade 3. Canalización das emocións .
 - Control das emocións.
- Unidade 4. O autocontrol.
 - Tolerancia á frustración.
- Unidade 5. Responsabilidade.
- Unidade 6. Saber decidir.
 - Tomar decisións responsables.
 - Iniciativa persoal.
- Unidade 7. Dereitos e Deberes.
 - Os dereitos básicos.
 - A universalidade dos dereitos.
 - Os dereitos do Neno.

2º Trimestre

- Unidade 8. Expresión de ideas e sentimentos.
 - A expresión verbal.
 - A expresión non verbal.
 - A cohesión.
- Unidade 9. A expresión corporal.
 - Mellorar a comunicación con xestos.
- Unidade 10. O diálogo.
 - Habilidades de escoita.
- Unidade 11. A argumentación.
 - A defensa das propias opinións.
- Unidade 12. A empatía.
 - A tolerancia e a comprensión.
- Unidade 13. Iguais e diferentes.
 - As diferenzas persoais e culturais.
- Unidade 14. A amizade.
 - As calidades da amizade.
 - Valoración d a amizade.

3º Trimestre

- Unidade 15. Os valores democráticos.
 - Decisións democráticas.

- Unidade 16. A resolución de conflitos.
 - Cumprimos normas.
 - A convivencia.
- Unidade 17. Convivir en paz.
 - A xustiza e a paz social.
- Unidade 18. Cumplir as normas.
 - Importancia das regras e das normas.

- Unidade 19. A solidariedade.
 - Compartir.
- Unidade 20. A ecoloxía.
 - A nosa contorna.
 - A conservación do medio.
- Unidade 21. A educación viaria.
 - As normas de tráfico e a seguridade viaria.

Todo o ano

Debates, diálogos, asambleas e dramatizacións sobre os temas tratados.

Área de Ciencias Sociais

1º Trimestre

- Unidade 1. Necesitamos a auga e o aire.
 - Como é a auga. O Ciclo da auga.
 - Estamos rodeados de aire. Os fenómenos atmosféricos.
 - Tempo e clima non son o mesmo. Os climas da Terra.
 - Coidar da atmosfera.
- Unidade 2. As paisaxes que nos rodean.
 - Descubrimos as paisaxes.
 - Así son os relevos da costa.
 - Así son os relevos de interior.
 - Como se representa o relevo nun mapa?
 - As paisaxes de Galicia.
 - Así son os ríos.

2º Trimestre

- Unidade 3. O lugar onde vivimos.
 - Así son as aldeas e as vilas.
 - Así son as cidades.
 - A poboación.
 - O goberno do municipio.
 - Os servizos municipais.
 - Circulamos con seguridade.
- Unidade 4. En que traballan as persoas.

- Traballamos na natureza.
- Traballamos en fábricas e en obradoiros.Cómo é a industria?
- Traballamos nos servizos.Compramos e vendemos. O transporte e o turismo.

3º Trimestre

- Unidade 5. A Terra, un planeta único .
 - A Terra, un planeta do sistema solar.
 - A Terra móvese.
 - Cómo é a Terra.
 - Descubrimos as caras da Lúa.
- Unidade 6. Somos detectives do pasado.
 - Como investigamos o pasado?
 - A medida do tempo.
 - Como organizamos o pasado.
 - Da prehistoria ao tempo dos castelos.
 - Da época dos castelos á actualidade.

Todo o ano

Realización de traballos de investigación.
 Introducción ao uso das TIC.
 Planificación, xestión e presentación dos traballos.

Área de Ciencias da Natureza

1º Trimestre

- Unidade 1. A alimentación e a saúde.
 - Os nutrientes dos alimentos.
 - A dieta saudable.
 - Hábitos e trastornos alimentarios.
 - A saúde e os hábitos saudables.
 - O ocio e o descanso.
- Unidade 2. O funcionamento do noso corpo.
 - A relación. O aparello locomotor.
 - Os sentidos da vista e do oído.
 - Os sentidos do tacto, do olfacto e do gusto.
 - A función de nutrición.
 - A reprodución e as etapas da vida.

2º Trimestre

- Unidade 4. Os seres vivos e as súas relacións.
 - Os seres vivos.
 - As funcións vitais dos animais.
 - As partes das plantas. As funcións vitais das plantas.
 - Os ecosistemas.
 - As relacións entre os seres vivos.

- Unidade 5. Clasificación de plantas e animais.
 - Os animais vertebrados.
 - Os animais invertebrados
 - Os animais de Galicia.
 - As plantas con flores.
 - As plantas sen flores.
 - O estudo de animais e plantas.
 - As plantas de Galicia.

3º Trimestre

- Unidade 5. A materia e os seus cambios.
 - A materia e as súas propiedades.
 - Os estados da materia.
 - Substancias puras e mesturas.
 - As forzas producen cambios.
 - Os cambios da materi: a auga.
- Unidade 6. A enerxía e as máquinas .
 - As formas e as fontes de enerxía.
 - O uso responsable da enerxía.
 - A enerxía e as máquinas.
 - Máquinas e aparellos na vida cotiá.
 - Os inventos e os avances da ciencia.

Todo o ano

Realización de proxectos con busca de información de forma guiada e comunicación dos resultados en diferentes soportes.

Elaboración guiada de murais, fichas de seres vivos...

Traballo cooperativo.

Iniciación as técnicas de traballo: recursos e técnicas de traballo intelectual.

Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

Conmemoracións

De acordo ao establecido na Orde do 19 de maio de 2021, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022, e ao acordado polo claustro, celebraranse as seguintes conmemoracións:

1º Trimestre

- Samaín.
- Magosto.
- 20 de novembro: Día Internacional da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das persoas con discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Nadal.

2º Trimestre

- 24 de xaneiro do 2022: Día internacional da educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día escolar da non Violencia e da Paz.
- 11 de febreiro: Día Internacional da nena na ciencia.
- Entroido.
- 24 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Mundial da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor e Día Internacional da visibilidade trans.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa.

3º Trimestre

- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Do 18 ao 22 de abril de 2021: Semana do libro.
- 26 de abril de 2022: Día Internacional da visibilidade lésbica.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o acoso escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Día das Letras Galegas e da LGTBIfobia.
- 15 de maio 2022: Día Internacional da familia.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.
- 28 de xuño de 2022: Día Internacional do orgullo LGTBI.

4. Grado mínimo de consecución para acadar os obxectivos

Área de Matemáticas

Numeración:

- Coñecer os números de ata 5 cifras (99999)
- Ordenar series de números comprendidos entre dous establecidos.
- Coñecer o valor posicional das cifras: U(unidades), D (decenas), C (centenas) UM (unidades de millar) DM (decenas de millar).
- Coñecer os números ordinais ata 40º.

Operacións:

- Realizar sumas, restas e multiplicación con levadas con números de ata cinco cifras.
- Coñecer a mecánica da división por unha cifra.
- Calcular mentalmente con sumas, restas e multiplicacións sinxelas.
- Resolver situacións problemáticas da vida real que impliquen, polo menos, o uso dunha operación.

Xeometría:

- Recoñecer recta, secantes, paralelas.
- Recoñecer un ángulo, así como os máis sinxelos: recto, agudo e obtuso.
- Recoñecer circunferencia, círculo, radio, diámetro. Recoñecer os polígonos máis comúns.
- Recoñecer os corpos xeométricos básicos.

Unidades de medida:

- Expresar medidas de lonxitude, capacidade, peso e tempo.
- Resolver situacións problemáticas sinxelas coas unidades de medida citadas.

Gráficos:

- Representar e interpretar diagramas sinxelos.

Áreas de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura

Comprensión e expresión oral:

- Articular correctamente os fonemas.
- Comprender unha narración oral sinxela, referente a feitos ou situacións concretas e resumindo o escoitado.
- Coñecer e usar adecuadamente o vocabulario propio da súa idade.
- Realizar unha breve exposición, narración, descrición oral ... de xeito ordenado e coherente.

Lectura:

- Ler con velocidade adecuada (90 palabras/minuto).
- Lectura sen omisións, inversións, substitucións, regresións e vocalizando correctamente.
- Ler coas pausas e a entoación adecuadas.

Comprensión e expresión escrita:

- Recoñecer a secuencia dun texto lido e ser capaz de explicar as ideas **esenciais**
- Contestar por escrito a un cuestionario referente a unha lectura en voz alta ou silenciosa.
- Realizar breves composicións escritas: narracións, descricións, resumes, empregando o vocabulario axeitado e as técnicas elementais de redación e ortografía básica.
- Presentar os traballos ordenados, lexibles e limpos.

Contidos gramaticais:

- Distinguir entre palabra e sílaba.
- Escribir oracións sinxelas de máis de oito palabras e usar a concordancia entre artigo/sustantivo/adxectivo/ verbo.
- Identificar os elementos básicos da oración: suxeito e predicado.

Ortografía

- Comezar empregando a maiúscula e rematar en punto.
- Usar a maiúscula en nomes e apelidos , nomes de lugares e despois de punto.
- Usar correctamente os grupos pr, pl, br, bl, cr, cl, gr, gl, fr, fl mp, mp.
- Uso correcto de c/qu, z/c, r/rr.

* En lingua galega, ademais dos anteriores, deberán facer un uso correcto do dígrafo nh.

Área de Ciencias da Natureza

- Recoñece o máis esencial do seu corpo: partes, articulacións, ósos, músculos, e órganos.
- Identifica os alimentos necesarios para levar unha dieta equilibrada.
- Interioriza os hábitos de vida saudables e os aplica na súa vida cotiá.
- Identifica as funcións vitais dos seres vivos.
- Identifica os cinco grupos de animais e as súas características principais.
- Identifica as principais fontes de enerxía e diferencia entre materiais naturais e artificiais.
- Distingue entre máquinas simples e complexas e pon exemplos.

Área de Ciencias Sociais

- Recoñece a Terra como planeta no que habita e os seus movementos
- Identifica a necesidade do aire e da auga para todo ser vivo e é consciente da necesidade de facer un consumo responsable.
- Coñece onde vive: localidade, provincia, comunidade, país e diferencia os elementos naturais dos humanizados.
- Recoñece os sectores de produción e diferencia entre materias primas e produtos elaborados.
- Recoñece os principais medios de comunicación persoal e social
- Recoñece os dereitos e deberes dos nenos como membros da sociedade e as normas básicas de convivencia familiar e veciñal.
- Recoñece o paso do tempo en si mesmo e na sociedade e valora a conservación do noso patrimonio histórico e de costumes.

Área de Valores Sociais e Cívicos

- Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.
- Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais.
- Respecta e acepta as diferenzas individuais e recoñece as calidades doutras persoas.
- Resolve, nos grupos sociais que se relaciona, pacificamente os conflitos.
- Coñece e aprecia os valores e as normas de convivencia.

5. Avaliación: Procedementos e Instrumentos

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos; análise do proceso de ensinanza e da práctica docente; e análise das programacións de aula.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos concíbese da seguinte maneira:

- a) *Continua e global*, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Dentro desta avaliación continua contémpnanse tres modalidades:
 - Avaliación inicial. Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - Avaliación formativa. Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.
 - Avaliación sumativa. Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- b) *Individualizada*, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- c) *Integradora*, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- d) *Cualitativa*, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- e) *Orientadora*, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

En definitiva, avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas. Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Os **procedementos e instrumentos** que se empregarán para a avaliación das aprendizaxes do noso alumnado serán:

- **Observación directa:**
 - Diario de aula.
 - Rexistro no libro do alumnado.
- **Análise das producións dos alumnado:**
 - Libros do alumno/a.
 - Caderno de clase: textos escritos, resumos, ditados, operacións problemas...
 - Intervencións orais do alumno.
 - Participación do alumno nos traballos de grupo, e nas actividades grupais.
 - Resolución de exercicios.
 - Rexistro da claridade, orde e limpeza das súas producións.

- Rexistros da velocidade e comprensión lectoras, así como de cálculo mental e resolución de problemas.
- **Intercambios entre os alumnos**
 - Diálogo.
 - Postas en común.
 - Asembleas.
 - Traballo en equipo e cooperativo.
 - Exposición dun tema.
- **Probas específicas.**
 - Exames
- **Autoavaliación:** será o propio alumno o que avalíe o que sabe e o que precisa saber, o que fai ben e o que debe mellorar.
- **Coavaliación:** os alumnos membros dun grupo de traballo cooperativo avaliarán tanto o funcionamento do grupo como tal, así como as actuacións, aprendizaxes e melloras que fan os compañeiros/as.

6. Concrecións metodolóxicas da materia, materiais e recursos didácticos

A metodoloxía está enfocada para contribuír a desenvolver as competencias educativas (que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia). Pretendemos que os alumnos/as participen activamente no seu aprendizaxe, adquirindo así conciencia das súas propias capacidades, xestionando os seus propios coñecementos e optimizando a súa aprendizaxe.

A incorporación das competencias clave no currículo, permítelle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes, relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e actitudes).

Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa centrándose na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Procurar que o alumno/a aprenda a aprender.
- Desenvolver estratexias de pensamento que mobilicen todas as aprendizaxes e habilidades do alumno.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Favorecer a seguridade e a autoconfianza do noso alumnado.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.
- Estimular a coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

No cadro inicial, currículo de 3º educación primaria, aparecen de cor verde aqueles

contidos (cos correspondentes estándares) que precisan ser traballados máis, por seren os que quedaron menos desenvolvidos na corentena do curso 2019-2020 e que cremos deben seguir sendo traballados neste terceiro curso de educación primaria.

ESPAZOS: Os espazos deben ser funcionais, ricos e didácticos, de tal xeito que o espazo físico axude aos nenos a construír máis e mellor aprendizaxes. Neste senso en todas as aulas hai biblioteca de aula e poderanse establecer outros recantos que se consideren axeitados ao alumnado.

O alumnado, por mor da pandemia, este curso non cambiará de espazo para as áreas de inglés e música, si para educación física.

Cada clase ten reservada unha sesión dentro do horario de biblioteca e outra na aula de informática. A biblioteca é un espazo amplo que permite multitude de tarefas posibles. Ademais é un espazo que tenta ser moi atractivo e motivador e fomentar o gusto e o goce coa lectura.

CRITERIOS DE AGRUPAMENTO: O principio de heteroxeneidade dos grupos é básico para a formación de agrupamentos. Por decisión do claustro o alumnado ao cambiar de infantil a primaria ou ao cambiar de ciclo en primaria, reorganizárase atendendo sempre á heteroxeneidade dos grupos. Esta reagrupación farase tendo en conta os informes dos titores anteriores e sempre perseguindo mellorar as potencialidades dos grupos tanto no desenvolvemento do currículo como no aspecto afectivo, social e de cooperación entre iguais.

Dentro da aula os alumnos poderanse distribuír en forma de U, en grupos de aprendizaxe cooperativa (4 alumnos polo xeral), de 3 en 3, por parellas ou individualmente. Esta distribución do alumnado vai depender en moitos casos da actividade a realizar, do rendemento do alumnado, etc.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO: O tempo distribuirase de tal xeito que se combinen actividades que requiran concentración mental con outras actividades máis lúdicas e distendidas.

Por outra banda tamén se repartirá o tempo na realización de tarefas de xeito individual e tarefas cooperativas en grupo, na realización de actividades escritas e actividades orais, etc.

O obxectivo fundamental da organización dos tempos é favorecer o maior rendemento do noso alumnado. Para tal fin non debemos esquecer que os momentos de distensión, lecer e descanso son importantes e indispensables para que os momentos de traballo sexan significativos.

As tarefas fora do horario lectivo non superarán a media hora diaria segundo os acordos da CCP.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS: Os materiais e recursos que se empregan principalmente na clase son:

- Libros de texto.
- Cadernos de reforzo/ampliación.
- Fichas de reforzo/ampliación.
- Láminas explicativas.
- Libro dixital e proxector
- Xogos educativos de ordenador.
- Xogos didácticos.
- Reprodutor de CD/DVD.
- Material manipulativo relacionado coas temáticas a estudar.

- Material funxible.

ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 E POSIBLE DOCENCIA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

A presente programación do curso 21/22 podería ser aplicada de igual xeito chegado o caso de que a situación sanitaria do momento fixese necesario seguir co curso actual de xeito semipresencial ou non presencial, por confinamento ou suspensión temporal das clases.

No tocante a contidos, obxectivos e criterios de avaliación, estes desenvolveríanse do mesmo xeito que ata o momento da suspensión das clases, pero dando paso a unha metodoloxía de base telemática.

RECURSOS PARA UNHA ADAPATACIÓN METODOLÓXICA EN MODALIDADE NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

A continuación citaremos unha serie de recursos que empregaremos de se dar o caso do citado anteriormente:

- **AULA VIRTUAL.** É unha plataforma dixital en liña, de libre acceso para alumnos e familias do centro onde se verterán os contidos necesarios a traballar así como, diversas actividades para reforzar ditos contidos.
- **ESPAZO ABALAR.** É outra plataforma virtual na cal se fomenta a comunicación entre os diferentes ámnitos da comunidade educativa e, na que chegado o caso de paso a modalidade semipresencial ou non presencial, poderíanse establecer canles de comunicación directa con familias e alumnos (*resolución de dúbidas, entrevistas, información xeral...*)
- **CORREO ELECTRÓNICO.** É un servizo de mensaxería de dobre vía que nos permite dun xeito rápido e eficaz o envío de informacións, documentos, correccións...
- **CISCOWEBEX.** É unha plataforma de encontro virtual, recomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que permite a realización de xuntanzas virtuais entre o propio claustro así como con alumnos e familias. É un xeito moi eficaz para a realización de clases en liña.
- **CHAMADAS TELEFÓNICAS.** As chamadas telefónicas entre os mestres e as familias son outra vía de comunicación moi eficaz no caso de ter que solventar dúbidas, proporcionar información... mantendo así unha comunicación aberta coas familias.
- **BLOG DE NIVEL.** É unha plataforma dixital na cal os titores e especialistas empregarán para reforzar todos aqueles aspectos de carácter xeral das distintas áreas nos diversos cursos.
- **BLOGS DE ESPECIALIDADES:** Inglés...
- **Recursos e ferramentas Web varias... (Padlet, Symbaloo, Liveworksheets,...)**

En caso de que algún alumno/a ou todo o grupo aula, ou centro escolar, quedase en situación de confinamento; a metodoloxía a seguir sería a seguinte:

Facilitaráselle ás familias, mediante unha mensaxe Abalar, o link para acceder á páxina web do centro, aula virtual, blog de terceiro de primaria, plataforma Padlet, aplicación Symbaloo, e fichas interactivas na plataforma Liveworksheets. No recurso do Padlet é onde estarán colgadas as actividades diarias de tódalas materias.

Recibimos e rexistramos as entregas das tarefas de este alumnado.

Tamén se a situación o requirise utilizaríamos algún encontró virtual co alumnado ou familias a través da aplicación do ciscowebex.

Se a situación de confinamento fose moi prolongada no tempo os mecanismos de avaliación e cualificación serían os seguintes:

Como procedementos de avaliación empregariamos a previsión e recollida de actividades vía telemática a través de abalar e correo electrónico: produccions escritas, fichas interactivas, produccions artísticas, vídeos ...

Empregariamos como instrumentos de avaliación rexistros e listas de control nos que se recollen datos sobre a consecución de determinadas tarefas, produccions escritas, xogos interactivos e fichas interactivas.

En canto ao procedemento para obter a cualificación será o resultado das avaliacións anteriores (se as houberse), así como a implicación e realización de todas as tarefas, actividades telemáticamente propostas e desenvolvidas neste periodo, sempre favorecendo a súa cualificación final e nunca aminorando as súas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores. E tendo en conta as dificultades de conectividade dalgún alumnado.

7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os **criterios de avaliación** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

Estes criterios de avaliación concréntanse a través dos *estándares de aprendizaxe*, que permiten definir os resultados da aprendizaxe, e que especifican os coñecementos que o alumno debe acadar en cada caso. Están especificados no cadro do apartado 2 desta programación.

Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como *rúbricas* ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.

A **calificación** das diversas áreas obterase do seguinte xeito:

Elementos avaliados	Puntuación máxima
Atención, interese e aplicación do aprendido Tarefas realizadas na aula: participación oral; actividades en fichas, cadernos, pizarra ou outros medios. Tarefas realizadas na casa Intervencións positivas na clase Valoración do traballo en grupo Coidado do material Cumprimento das normas Correcto trato cos compañeiros e cos mestres	30 %
Probas de avaliación escritas ou orais	70 %

- A nota global será a suma dos apartados 1, 2 e 3. Se esta nota é menor que 5, figurará IN (insuficiente). Se é 5, figurará SU (suficiente). Se é 6, figurará BE (ben). Se é 7/8 figurará NT (notable). Se é 9/10, figurará SB (sobresáinte).
- En canto á área de educación artística, a nota da área será a media resultante das partes de plástica e música, coa condición de que cada parte teña unha nota de *suficiente* ou superior. No caso de que algunha delas teña unha nota de *insuficiente*, a nota da área será *insuficiente*.
- Valorarase o gusto polo traballo a facer, a creatividade e o proceso máis que o resultado.
- Garantirase o suficiente sempre que o alumno/a supere os criterios mínimos establecidos para cada vez que sexa avaliado.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Por último, e xa que debemos avaliar a nosa propia práctica pedagóxica por medio de **indicadores de logro**, algúns dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- **Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.** Este é un aspecto fundamental de avaliación da nosa práctica docente xa que estes indicaranos se as liñas metodolóxicas, a selección de contidos, materiais, recursos, metodoloxía... é axeitada ao noso grupo de alumnos.

- **Clima de traballo na aula.** Tamén determinará en grande medida se as estratexias pedagóxicas, tempos, distribución de espazos, deseño de grupos de traballo, etc. Que se están a plantexar son as axeitadas.
- **Organización e coordinación do equipo docente** que intervén co grupo de alumnos.
- **Reflexión sobre a programación:** periodicamente o mestre recollerá no seu caderno de programación de aula, pequenas reflexións sobre a posta en práctica das actividades que se desenvolveron dentro da aula. Este permitiranos sacar conclusións e así poder modificar aqueles aspectos que consideremos oportunos.
- **Intercambiosorais:** O intercambio de opinións, estratexias pedagóxicas, metodoloxías e incluso o feito de compartir experiencias con outros mestres que interveñen no grupo é de grande utilidade á hora de obter os resultados que desexamos nos nosos alumnos. As entrevistas co entorno próximo dos alumnos(familias) tamén pode ser un instrumento clave para a individualización da ensinanza.

9. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Aavaliación inicial , co obxectivo de coñecer o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto dos novos contidos que se van desenvolver, realizárase durante o mes de setembro. Este ano serán realizadas durante as dúas primeiras semanas do curso escolar. Trátase dun proceso que debe comprender tanto accións que permitan identificar as dificultades do alumnado como as súas necesidades de atención educativa, entre elas:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional.

Os procedementos e instrumentos para realizar a avaliación inicial serán:

- A observación directa e indirecta.
- Entrevista cos pais/nais.
- Informes da etapa /curso anterior.
- Coordinación e cooperación co departamento de orientación, así como cos especialistas doutras áreas.
- Traballo diario.
- Asambleas e dinámicas de grupo.
- Probas orais e escritas.
- Etc.

En función dos resultados obtidos na mesma aplicaranse as medidas de atención á diversidade pertinentes, especificadas no seguinte apartado: medidas de atención á diversidade non significativas (reforzo educativo, apoio, programas educativos, diferentes estratexias metodolóxicas e

canles de transmisión da información...) e significativas: ACS, así como os **plans de reforzo e recuperación** citados.

Durante o mes de outubro: Introducción de datos da avaliación inicial no XADE.

10. Medidas de atención a diversidade e de Reforzo e Recuperación

Comprenden as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado .

A intervención educativa na etapa de primaria atenderá á diversidade do alumnado, é dicir, centrarse nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar.

O obxectivo final que perseguimos é a integración total do alumnado, a igualdade, referíndose tanto a igualdade de oportunidades coma a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Para poder facer realidade este obxectivo realizaranse as adaptacións de acceso ao currículo así como dos elementos curriculares que sexan precisos para atender as necesidades de todo o alumnado.

Finalmente, hai que ter en conta que a atención á diversidade refírese ás necesidades de todos os alumnos/as, non só dos que presentan necesidades de atención específica de apoio educativo, xa que cada alumno/a é único e ten necesidades que o diferencian dos demais.

Faise, por tanto, necesario o emprego de **estratexias que garantan a atención á diversidade**, polo que levaremos a cabo unha serie de pautas referidas a:

- **Un contexto da aula no que se levará a cabo unha atención individualizada e personalizada, atendendo aos ritmos e necesidades de cada un dos alumnos/as para prever posibles problemas e dificultades. Especialmente nestes tempos COVID-19 e despois dun confinamento non que estiveron na casa máis dun trimestre. No punto 2 aparecen en laranxa os contidos e estándares nos que toca facer máis fincapé este curso.**
- Unha organización de tempos, espazos e materiais, que faciliten o aprendizaxe significativo, por medio da exploración, a manipulación, a observación...
- Unha metodoloxía adaptada ao contexto da aula na que prime o fomento da innovación e a investigación, o traballo por proxectos, recunchos, talleres, centros de interese... Realizaranse tamén actividades que reforcen as aprendizaxes duns e actividades que amplíen as de outros.
- Unha actitude positiva por parte do profesorado.
- Unha boa coordinación de tódolos axentes implicados no proceso educativo, cooperación coas institucións e as administracións públicas, e ao mesmo tempo, coas familias, nun clima de confianza e entendemento mutuo.

Cando cumpra, deseñaranse **programas de intervención**, para cuxo fin é preciso detectar as

NEE do alumnado para o que se fará unha primeira fase de recollida de datos e avaliación das necesidades por parte do profesorado e o departamento de orientación.

Co obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade do noso alumnado, acordamos realizar unha valoración das súas características persoais segundo os seguintes parámetros:

- Rendemento do alumno no ciclo anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.

Obteremos a información referente a estes puntos grazas a:

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario aos pais.
- Entrevista cos pais.
- Recadando información no xade web.
- Observación e interacción directa co alumno.
- Probas estandarizadas.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Todas as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo no noso centro quedarán recollidas no Plan de Atención á Diversidade.

No 3º nivel de educación primaria levaranse a cabo:

- Programa de mellora da comprensión e expresión oral e escrita.
- Atención da profesora da AL e profesor de PT ao alumnado con ACI.
- Apoios dentro da aula doutros mestres/as, especialmente co alumnado con máis dificultades de aprendizaxe.

Adaptacións curriculares significativas

Fanse cando se teñen esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade. No centro tense acordado que, previo a facelas, o alumnado repetirá curso para darlle tempo a madurez. Este acordo pode ser obviado nalgunhas circunstancias extraordinarias que fagan preciso que o neno ou nena continúe co grupo de referencia para facilitarlle as súas aprendizaxes.

Neste nivel hai 2 alumnas e 1 alumno con Adaptación Curricular Significativa.

11. Actividades complementarias e extraescolares

Este curso, a causa da COVID-19 non se contemplan este tipo de actividades no centro escolar. Si se traballaran algunhas datas sinaladas dende a aula, sobre todo de xeito transversal.

Aínda así teremos en conta as actividades ofertadas polo Concello e outros organismos sempre e cando se cumpra a normativa vixente e sexan, preferiblemente telemáticas.

A través de estas actividades pretendemos ampliar e reforzar os contidos impartidos na aula así como fomentar a motivación do alumnado.

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Por último, e xa que debemos avaliar a nosa propia práctica pedagóxica por medio de **indicadores de logro**, estableceremos os aspectos a valorar, para analizar e mellorar o noso labor docente. Deste xeito e, dado o carácter formativo da avaliación, poderemos reconducir o proceso de ensino-aprendizaxe. Estes indicadores que se valorarán ao concluír cada unidade didáctica, farán alusión a:

- Progreso global do alumnado, especial atención ao alumnado con NEAE.
- Adecuación do nivel dos contidos traballados ás características do alumnado.
- Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
- Adecuación e distribución de recursos (materiais, temporais, espaciais, ...)
- Desenvolvemento na clase da programación.

Realizarase unha avaliación continua da programación segundo se vaia desenvolvendo o curso, aplicando as medidas correctivas que se estimen necesarias. O profesorado reunirse, cando menos, unha vez cada trimestre para facer unha valoración.

No caso de que a programación non cumprise cos obxectivos previstos, iremos facendo as correccións necesarias e as propostas correspondentes de mellora.

Todo aquilo que sexa mellorable recollerase nas memorias como recomendación para o vindeiro curso.

13. Accións e contribucións ao proxecto lector

No colexio dedícanse 30 minutos despois do recreo á lectura individual e onde cada rapaz lle da o contido que máis lle gusta. Trátase dun intre onde cada quen le o que quere. Para tal actividade nas aulas hai unha biblioteca de aula onde hai exemplares de libros suficientes, atractivos e axeitados á competencia lectora dos nosos alumnos. Estes libros son cambiados polos nenos con frecuencia de tal xeito que están en pleno contacto coa biblioteca central. O mestre tamén escollerá algúns exemplares ou determinará instrucións para que os alumnos escollan uns libros axeitados á programación que se desenvolverá na aula.

O ciclo participará nas actividades que se propoñan dende a biblioteca. O equipo de biblioteca tamén ten representación de un membro do ciclo que serve de conexión entre os traballos que se levan a cabo nas aulas e os que se propoñen dende a biblioteca.

Dentro das programacións de aula tamén se teñen moi presentes as actividades que desenvolvan unha lectura eficaz e comprensiva, sempre fomentando o gusto pola lectura. Así lévanse a cabo iniciativas de fomento da lectura tanto por parte do profesorado como por parte das familias e outros axentes externos ao centro.

14. Accións e contribucións ao plan TIC

As TIC están presentes coma ferramenta imprescindible da nosa tarefa educativa.

Todos as aulas deste centro están dotadas con polo menos dun equipo informático completo con conexión a internet e un proxector, o que posibilita a utilización das novas tecnoloxías en case todos os momentos do día.

Así mesmo todos os grupos teñen reservada unha sesión na aula de informática que lles permite facer diferentes tarefas.

O ciclo participará en todas aquelas actividades ou propostas que se leven a cabo dende o Equipo de Tics. O ciclo tamén ten representación neste equipo o que garante a información e comunicación bidireccional e fluída.

Como obxectivo de actuación: implicación do profesorado no coñecemento e uso das ferramentas TIC.

15. Accións e contribución ao plan de convivencia

No ciclo procúrase que exista unha axeitada convivencia e respecto entre os distintos membros da comunidade educativa mediante as seguintes estratexias:

- Dinámicas de grupo e traballo cooperativo.
- Tutorías.
- Establecemento de normas de aula.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo.

Cando a convivencia se perturba e xorde algún conflito dentro da aula este corríxese da seguintes maneiras segundo proceda en cada caso. O titor sempre será sabedor dos conflitos que se producen dentro do grupo de alumnos e será o coordinador das respostas que poidan dar os distintos especialistas que interveñen co grupo.

- Resolución pacífica e dialogada do conflito entre os suxeitos implicados.
- Comunicación dos feitos á familia.
- Tempo fora do grupo. O rapaz será levado ao curso inmediatamente inferior ao seu durante un tempo.
- Parte de incidencias que se trasladará á xefatura de estudos e á dirección do centro.

Todos estes procedementos de actuación en canto á convivencia se refiren, estanse a recoller no Plan de convivencia que está en proceso de elaboración.

16. Accións e contribucións ao proxecto lingüístico

Dada a maioría castelán falante do noso alumnado, o segundo nivel márcase como obxectivo fundamental para a área de lingua galega, fomentar ao máximo a oralidade e a adquisición de vocabulario.

O nivel terá en contas as tarefas e propostas referenciadas no Proxecto Lingüístico elaborado polo equipo de dinamización da lingua galega do centro.

O obxectivo de actuación: implicación do profesorado no coñecemento, uso e fomento da lingua galega dentro do centro educativo.

17. Programación da Educación en Valores

Un dos obxectivos da Educación Primaria é atender ao desenvolvemento integral dos alumnos. Este carácter integral do currículo implica que se deben incorporar nas diferentes áreas elementos que fomenten a educación en valores. Os valores que imos tratar neste nivel son:

Educación para a paz	O obxectivo é que o rapaz comprenda que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos diarios, moitas veces o rancor e froito dos descoñecemento e falta de comunicación, a mellor maneira de superar estes problemas é o dialogo.
Educación para a saúde	Adquisición de hábitos de hixiene e coidado persoal.
Educación para o consumidor	A educación responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre o necesario e o prescindible
Educación moral cívica	Fomento das relacións de respecto e compañeirismo dentro da comunidade escolar.
Educación para a igualdade	Repartición igualitaria das tarefas e as súas responsabilidades.
Educación sexual	Aceptación das diferenzas físicas entre sexos.
Educación ambiental	Implicación persoal no coidado e conservación do medio inmediato

Programación de Religión

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Antes de comenzar coa programación comentar que este ano se por motivo da COVID-19 nos volven a confinar, as tarefas se lle mandarán ao alumnado a través da aula virtual do colexio.

Situación xeográfica, socioeconómica e cultural.

O C.E.I.P Fermín Bouza Brey, está situado no Concello de Pontearreas (sur da provincia de Pontevedra). É un Concello que conta con uns 23.000 habitantes de 24 parroquias, incluíndo o casco urbán, que é onde se atopa o centro. Dentro do citado casco, os/as nenos/as en idade escolar repártense entre tres centros públicos e dous concertados.

A procedencia do alumnado é maioritariamente do casco urbano e o grupo restante acude ao centro utilizando na súa gran maioría o transporte escolar que os recolle dalgunhas parroquias antes citadas. Este é, basicamente, o principal factor de heteroxeneidade presente no centro.

En canto á situación socioeconómica pódese dicir que a maioría dos ingresos das familias procede de postos de traballo desenvolvidos en municipios limítrofes, sendo o de máis importancia Vigo.

Os ingresos familiares situaríanse na media do que se podería considerar unha franxa aceptable.

A primeira lingua utilizada pola inmensa maioría dos alumnos é o castelán.

Para rematar, dicir que existen algúns casos de familias desestructuradas, o que en moitas ocasións, isto reflicte nos resultados académicos.

O centro

Trátase dun CEIP cun elevado número de alumnos/as (491) o que fai que a optimización de recursos sexa, nalgúns casos complicada.

O centro é de xornada continuada, e abrangue dende as 9:00 horas ás 14:00 horas. Os martes pola tarde asistimos ás distintas reunións de titorías, claustros... destinando unha parte do tempo para a atención ós/as pais/nais, titores/titoras legais do alumnado. Asemade asistimos pola tarde, segundo quenda do profesorado, para atender as gardas no centro.

Instalacións

O centro está composto por seis edificios e dúas “aulas prefabricadas”:

- Administración, sala de mestres/as, dirección, xefatura de estudos, secretaría, departamento de orientación, sala da A.N.P.A. e aula de informática.
- Edificio central no que se atopan todas as aulas de primaria, o laboratorio e a biblioteca.
- Ximnasio coas dependencias auxiliares para vestiarios, material e mestres/as.
- Edificio anexo con tres aulas para usos.....(antigo bloque de infantil).
- Edificio de E.I. con dez aulas, unha sala de mestres/as e un almacén. Destas 6 son para

as ensinanzas de 3, 4 e 5 anos, unha para inglés, outra para relixión, outra para informática e outra para psicomotricidade.

- Dúas aulas prefabricadas, para usos diversos
- Casa do/a conserxe.

Servizos

Servizo de transportes para nenos/as das distintas parroquias que corresponden ó noso centro (empresa Ojea de Leirado), servizo de limpeza e conserxe.

2.- CONTRIBUCIÓN DESDE A ÁREA DE RELIXIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situación cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

O ensino relixioso católico achega elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística pois sèrvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.

- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresión culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o

alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestren un autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de

que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súasconviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerarestratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensinorelixioso católico estrutúrase a partir de catrodimensións que fundamentan as competencias específicas do ensinorelixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensinorelixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropológico-axiológico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidosrelixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar respostaássúas interrogantes máisradicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seuscontidos son saberes cunha fundamentación e cunhametodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

1. Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sós.
2. Recoñecer a bondade de Deus Paiao crear o home para que sexa feliz.
3. Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
4. Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
5. Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.

6. Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.
7. Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
8. Comprender o que significa o tempo Advento.
9. Afondar no sentido do Nadal.
10. Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.
11. Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.
12. Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
13. Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

4. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A realidade que nos rodea como don para a nosafelicidade.
 - Respostas do home ao don de Deus.
 - Ruptura do home con Deus: Adán e Eva.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- A vocación de Moisés para liberar o seu pobo.
 - A Alianza de Deus co pobo de Israel.
 - O coidado de Deus coseu pobo: signos de amizade (a nube, o maná, a auga...).

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- O Bautismo de Xesús: comezo da misión.
 - A misión de Xesús é facer felices os homes.
 - O seguimento de Xesús. Diferentes respostas á chamada de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- A Igrexa, continuadora da misión de Xesús.
 - Os cristiáns expresan a amizade con Deus no diálogo con El e a través da súa vida.
 - O Nosopai, signo de pertenza á comunidade cristiá.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo.
- 1.2. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.

- 2.1. Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.
- 3.1. Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.
- 1.2. Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.
- 2.1. Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar o pobo.
- 2.2. Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.
- 3.1. Deseña de xeito ordenado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.
- 3.2. Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
- 2.1. Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os homes.
- 2.2. Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.
- 3.1. Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.
- 1.2. Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.
- 2.1. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.
- 2.2. Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.
- 3.1. Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.
- 4.1. Explica significativamente a orixe do Nosopai.
- 4.2. Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.

6. ACTIVIDADES.

Realizaremos os exercicios do libro que se propoñen para cada unidade didáctica. Dependendo das características do curso poderemos realizar uns ou outros. Ademais utilizaremos fichas elaboradas polas profesoras para completar e afianzar coñecementos.

Veremos breves películas para afianzar os contidos traballados.

Non está previsto realizar ningunha actividade complementaria nesta materia.

7. TEMPORALIZACIÓN

- Semana do 28 de setembro ó 23 de outubro: Deus quere a nosa felicidade (T.1)
- Semana do 26 de outubro ó 20 de novembro: Deus coída do seu pobo (T.2)
- Semana do 23 de novembro ó 18 de decembro: Xesús de Nazaret (T.3)
- Semana do 7 de xaneiro ó 21 de xaneiro: Xesús é o fillo de Deus (T.4)
- Semana do 1 de febreiro ó 26 de febreiro: Os discípulos de Xesús (T.5)
- Semana do 29 de febreiro ó 18 de marzo: Xesús ensínanos a rezar (T.6)
- Semana do 29 de marzo ó 22 de abril: A misión da Igrexa (T. 7)
- Semana do 25 de abril ó 20 de maio: Celebramos os sacramentos (T.8)
- Semana do 23 de maio ó 17 de xuño: Os mandamentos (T.9)

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.
 2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
 3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.
2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.
3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.

9. MÍNIMOS EXIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
- 2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.

- 3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
- 4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
- 4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.
- 4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus polasúa amizade.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.
- 1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
- 2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
- 2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.
- 3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
- 1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.
- 2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
- 2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
- 3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
- 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.
- 2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.
- 3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.
- 3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.
- 4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- As probas escritas: 80%
- Libretas: 20%

11. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade que terán que recoller na libreta do alumno.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe, aínda que procuraremos non facelas.
- Fichas con actividades sobre o tema.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

12. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Aplicaremos as probas que a editorial Anaya ten para tal fin .

Non se terán en conta á hora de cualificar o trimestre, nin se porá nota . Servirán para que o profesorado coñeza a situación de partida de cada clase e saiba que coñecementos teñen xa adquiridos e en cales hai que facer fincapé.

13. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

O alumnado que necesite recuperar unha avaliación terá que entregar ao profesorado as fichas e traballos que para tal fin determine a profesora. As fichas serán as que a editorial nos achega para tal fin. Co alumnado que necesite reforzo, a profesora realizará un seguimento e acompañamento individualizado.

14.METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias axeitadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está ensinado. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actudiniais, socioafectivas non sexan consideradas fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos o libro de texto de 2º da Editorial Anaya. Non poderemos utilizar o libro multimedia pola imposibilidade de acceder á aula de informática, por non dispoñer o colexio de máis dunha aula con ordenadores e estar esta ocupada todos os días en período lectivo.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Lapis, goma de borrar, lapis de cores, ceras brandas, rotuladores, témperas, regra, compás, tesoiras, cola, pinceis, plastilina.
- Material reciclado: teas, tetrabrik, papel de aluminio e macarróns.
- Material reciclado: revistas, xornais, clips, cartón, papel de aluminio, papel de cores, chapas, tapóns, teas...

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...*).

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outros con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por*

estar en risco, pola súa historia familiar...).

Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual*).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

- ✓ Nesta etapa porase especial énfase na **atención á diversidade** do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- ✓ Co fin de fomentar o **hábito da lectura** dedicárase un tempo diario a esta.
- ✓ Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.
- ✓ A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. O profesor titor coordinará a **intervención educativa** do conxunto do profesorado do alumnado ao que tutoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- ✓ A intervención educativa debe contemplar como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.
- ✓ Os **mecanismos de reforzo** que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

17. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

De acordo co Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, establécese que:

- ✓ A educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
- ✓ Fomentárase a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de minusvalidez.
- ✓ Fomentárase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- ✓ Fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- ✓ Fomentárase a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- ✓ Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- ✓ Fomentárase o desenvolvemento sostible e a protección do medio, alertarase dos riscos de explotación e abuso sexual, prevírase os alumnos sobre as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como promoverase a protección ante emerxencias e catástrofes.
- ✓ Fomentárase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.
- ✓ Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil.
- ✓ Fomentárase a educación e a seguridade vial.

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nas clases de relixión de despois do recreo realizamos a Hora de Ler. O alumnado le durante 15 ou 20 minutos de maneira individual a lectura que prefira.

Nas clases realizamos lecturas de distintos tipos de textos: ao principio de cada unidade lectura de banda deseñada, lectura do texto, lectura de artigos de xornais. O centro está apuntado ao programa da Voz na Escola e recibimos cada mércores os xornais que son distribuídos á aula á que lle corresponda. Desde a clase de relixión apoiamos calquera actividade proposta pola biblioteca colaborando cos titores, e ás veces sen eles na súa realización. A lectura é unha ferramenta fundamental do desenvolvemento da personalidade, pero tamén o é de socialización como elemento esencial para convivir en democracia e desenvolverse na sociedade da información. Para iso é preciso que os alumnos adquiren habilidades que lles permitan o seguinte:

- ⇒ Comprensión de textos literarios sinxelos, adaptados á idade e aos intereses dos alumnos (textos narrativos e poéticos).
- ⇒ Introducción ao uso da biblioteca escolar
- ⇒ Participación en representacións, memorización e recitación de poemas, cantar cancións, contar contos, etc.

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En canto a este apartado, non podemos traballar todo o que nos gustaría as novas tecnoloxías xa que este é un colexio que carece de máis dun aula de informática. Polo que o profesorado que non sexa titor ten moi difícil o acceso aos ordenadores para o alumnado. En canto á pizarra dixital temos o mesmo problema. Só existe unha pizarra para todo o colexio que está situada na aula de informática. Se non podemos acceder aos ordenadores da aula de informática, tampouco podemos acceder á pizarra dixital.

Unha das características máis interesantes é que contamos cun curso dixital completamente integrado e mellorado. É ideal para o seu uso en lousas interactivas ou mesturando ordenador e proxector. Promovemos a aprendizaxe esperta a través de distintas ferramentas e contidos deseñados especialmente para abordar situacións reais do ensino.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- CD de audio e cancións.
- CD que acompaña a proposta didáctica con recursos fotocopiáveis
- Murais
- Películas

20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Colaborar co departamento de Orientación en todas as medidas preventivas, organizativas e de intervención que se desenvolven no centro (acollida ao profesorado novo, ao alumnado novo e ao alumnado estranxeiro no instituto, información e comunicación coas familias, control de faltas de asistencia e puntualidade do alumnado, actuación nos casos de absentismo, actuación nos casos de acoso escolar, uso da aula de convivencia e atención educativa, mediación escolar, igualdade de oportunidades, prevención de consumo de tabaco, alcol e drogas, e fomento de hábitos saudables...)
- Desenvolver actividades acerca da dignidade e dereitos da persoa para concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre o maltrato entre iguais, especialmente sobre o acoso escolar.
- Propoñer a mediación cando xurda un conflito entre os alumnos/as tanto na aula como no centro e non poida resolverse doutro xeito.
- Promover a igualdade de oportunidades nas súas actividades e achegamento ao alumnado, aproveitando días conmemorativos, como o día da muller traballadora, violencia de xénero, etc, e desde una perspectiva transversal a través dos contidos da materia.
- Colaboracion coa Vicedirección do centro nas actividades, festas, visitas didácticas e viaxes que entre outros obxectivos fomentan a integración, a participación e a convivencia do alumnado e profesorado.
- Respetar, difundir, e recordar ao alumnado o Regulamento de Réxime Interno do centro.

21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na materia de Relixión non se realizan saídas extraescolares, pero estamos dispostas a acompañar nas saídas aos titores se así o necesitan.

22. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

Flora M^a Rey González

Programación de Língua Inglesa

OBXECTIVOS

A continuación recóllense os obxectivos de educación primaria (artigo 3) e que teremos moi presentes na nosa programación :

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais. de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de

comportamento que favorezan o seu coidado.

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes cultura e sociedade galegas.

Unit 0: Ready, steady ,go!

Obxectivos

- Aprender e utilizar o vocabulario: *brother, friend, sister, twin*.
- Utilizar as estruturas:
What's (your) name? How old are you? Have you got...?
- Repasar o abecedario.
- Introducir os números 10-100.

Bloque 1 - COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Toman contacto co vocabulario a través de flashcards, póster e/ou story cards antes de escoitar unha gravación. - Observan imaxes antes ou ao mesmo tempo de escoitar un texto oral. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende o sentido global de explicacións ou instrucións orais sinxelas. - Extrae o sentido xeral e capta os detalles esenciais de narracións orais adecuadas ao seu nivel. - Asimila as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, sempre e cando conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. - Identifica o tema dunha conversación moi sinxela e predicible que ten lugar na súa presenza nalgún espazo público real ou simulado sobre temas coñecidos. - Comprende o sentido xeral e o esencial das dramatizacións de contos tradicionais ou de historias populares previamente coñecidos. 	<p>Competencia en comunicación lingüística (LC):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adquirir e aplicar destrezas melloradas en comprensión e expresión oral e escrita para saudar e presentarse. <p>Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía (MST):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Familiarizarse cos números ata o 100. <p>Competencia dixital (DC):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballar xuntos no contido da unidade utilizando o IWB e realizar práctica adicional sobre o contido da unidade individualmente. <p>Competencias sociais e cívicas (SCC):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostrar habilidades para traballar en parella ao falar das súas familias. <p>Aprender a aprender (LL):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar o uso das cancións para aprender vocabulario
<p>2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Familiarízanse cos aspectos socioculturais e sociolingüísticos a través dunha historia sobre os personaxes de Wonderworld. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá, condicións de vida, relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, e aplicar os coñecementos adquiridos a unha comprensión adecuada do texto. 		
<p>3. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúdos - Presentacións - Descrición da familia - Instrucións da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar o sentido xeral, a información esencial e a maioría dos puntos principais en textos orais, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. - Distinguir a función comunicativa principal, así como os patróns discursivos básicos. 		
<p>4. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Have you got a (sister)?</i> - <i>How old is (she)?</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral. 		

<ul style="list-style-type: none"> - <i>What's (his) name?</i> - <i>Is that your (favourite) number?</i> 			novo.
<p>5. Léxico oral de alta frecuencia (recepción):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alphabet - Numbers 1 – 100 - <i>den, friend, twin, window</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses, e utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto. 		
<p>6. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitán unha canción: <i>Sing the numbers.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> - Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con eles. 		
Bloque 2 - PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
